UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Estratexias Analíticas Aplicadas ao Medio Ambiente | | Código | 610500002 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Química | | | |
| Coordinación | Muniategui Lorenzo, Soledad | Correo electrónico | soledad.muniategui@udc.es | |
| Profesorado | Beceiro Gonzalez, Maria Elisa<br>Carlosena Zubieta, Alatzne<br>Gonzalez Castro, Maria Jose<br>Muniategui Lorenzo, Soledad<br>Prieto Blanco, Maria del Carmen | Correo electrónico | elisa.beceiro.gonzalez@udc.es<br>alatzne.carlosena@udc.es<br>m.j.gonzalez.castro@udc.es<br>soledad.muniategui@udc.es<br>m.c.prieto.blanco@udc.es | |
| Web | http://campusvirtual.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Trátase dunha materia eminentemente aplicada, cuxo obxectivo principal é contribuír a desenvolver no alumno o criterio analítico para a resolución de problemas de distinta natureza que se lle expoñan, seleccionando a metodoloxía analítica máis adecuada en cada caso. Consideraranse os avances e tendencias actuais no tratamento da mostra e determinación instrumental; así como, a súa aplicación para a determinación de contaminantes prioritarios e emerxentes en mostras de interese ambiental (aire, augas, solo, sedimentos, biolóxicas, alimentos, etc.). | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br>Non realizaranse cambios<br><br>2. Metodoloxías<br>* Metodoloxías docentes que se manteñen<br>Seminarios, Traballos tutelados, Proba mixta, Atención personalizada.<br><br>* Metodoloxías docentes que se modifican<br><br>Prácticas de laboratorio: ao non poder realizarse de forma presencial na Facultade substituiranse pola resolución dun caso práctico plantexado polo profesor aos grupos de alumnos que deberán entregar un informe.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br><br>- Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar algún encontro virtual para resolver dúbidas e facer seguimento do caso práctico e traballos tutelados.<br><br>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispón de ?foros temáticos? para formular as consultas necesarias.<br><br>? Teams: 1 sesión semanal do grupo grande para o avance dos contidos teóricos e dos seminarios, na franxa horaria asignada á materia. De 1 a 2 sesións semanais (segundo necesidades do alumnado) en grupo pequeno (< 6 persoas), para o seguimento e apoio do estudo e actividades programadas relacionadas cos seminarios, traballos tutelados e casos prácticas.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br><br>- A resolución dun caso práctico substitúe ás prácticas de laboratorio co mesmo porcentaxe de cualificación. Valorarase a adecuación metodolóxica, a formulación, detalle e claridade nos informes, así como a discusión crítica final do mesmo en función do problema para resolver.<br><br>Observacións de avaliación:<br>- Mantéñense o resto de metodoloxías da guía docente, salvo que a proba mixta e defensa/exposición de traballos tutelados realizaríanse de forma virtual ou telemática (vía Moodle e/ou Teams), tanto na primeira como na segunda oportunidade.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía.<br>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo dá maneira dixitalizada en Moodle. |
|---|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Capacidade de análise e resolución de problemas químicos relacionados co medio ambiente en base a criterios analíticos. Planificación e execución das distintas etapas do proceso analítico | AM1<br>AM3<br>AM10<br>AM22 | BM1<br>BM2<br>BM5<br>BM6<br>BM7 | CM1<br>CM2<br>CM11 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Capacidade para seleccionar e implementar buenas prácticas de medida e experimentación analítica, asegurando a calidade dos datos químicos | AM1<br>AM3<br>AM10<br>AM21<br>AM22 | BM1<br>BM2<br>BM6<br>BM7 | CM1<br>CM2 |
| Coñecer as diversas técnicas avanzadas de toma e tratamiento de mostra e determinación instrumental en análise ambiental | AM1<br>AM3<br>AM10<br>AM22 | BM1<br>BM2<br>BM6<br>BM7 | CM1<br>CM2 |
| Capacidade de interpretación de datos e información ambiental procedente de observacións e medida. | AM1<br>AM3<br>AM10<br>AM22 | BM1<br>BM2<br>BM3<br>BM6<br>BM7 | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM9 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Tema 1.- O PROBLEMA ANALÍTICO | Definición e etapas na resolución dun problema analítico. Tipos de métodos e criterios de selección. Desenvolvemento dun método de análise. Parámetros de calidade analítica. Validación dun método analítico. Química Analítica sostible. |
| Tema 2.- TOMA DE MOSTRA | Toma de mostra. Representatividade. Diseño e estratexias dun plan de mostraxe. Sistemas pasivos. Sistemas automáticos |
| Tema 3.- TRATAMENTO DE MOSTRAS PARA O ANÁLISE | Avances en técnicas de preparación de mostra. Técnicas de extracción ?verdes? libres de disolventes. Técnicas de microextracción. Novos materiais extractantes. Sistemas automáticos. Miniaturización e sistemas analíticos miniaturizados. |
| TEMA 4.- TÉCNICAS INSTRUMENTAIS DE ANÁLISE | Tendencias actuais en métodos de análise espectroquímicos e cromatográficos. Técnicas acopladas. |
| TEMA 5.- ESPECIACIÓN QUÍMICA | Importancia en medio ambiente. Esquemas de especiación. Especiación específica. Dificultades analíticas. Métodos de análise e aplicacións. |
| Tema 6.- APLICACIÓNS AMBIENTAIS | Contaminantes de interese ambiental. Análise de aire. Análise de augas. Análise de solos e sedimentos. Análise de mostras biológicas. Análise de alimentos e seguridade alimentaria. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A1 A3 A10 A21 A22 C2 C9 C11 | 18 | 20 | 38 |
| Prácticas de laboratorio | A22 B2 B7 | 10 | 10 | 20 |
| Seminario | A1 A10 B1 B2 B3 B6 C3 C1 | 7 | 21 | 28 |
| Traballos tutelados | A3 A10 A21 A22 B1 B2 B3 B5 B6 C3 C11 | 5 | 55 | 60 |
| Proba mixta | A3 A10 A21 A22 B2 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Sesión maxistral | O profesor imparte os conceptos fundamentais e contidos máis importantes de cada un dos temas do programa. Ademais, expón diferentes cuestións para discutir e resolver polos estudantes, fomentando a participación |
| Prácticas de laboratorio | Nas sesións de laboratorio o estudante levará a cabo a aplicación dos conceptos teóricos estudados ao longo do curso e ademais adquirirá a destreza manual propia do técnicas obxecto de estudo. Sempre que sexa posible, se visitarán laboratorios de centros de investigación o empresas. |
| Seminario | Nos seminarios acláranse e amplían algúns aspectos tratados nas clases maxistrais e prácticas de laboratorio, especialmente relacionados coa aplicación práctica das metodoloxías estudadas. Os estudantes participan e discuten as posibles estratexias para resolver os problemas ambientais e/ou industriais que se expoñen baixo a orientación do profesor |
| Traballos tutelados | Comprenderá a procura de información en distintas fontes, a elaboración, exposición e defensa dun tema proposto polo profesor relacionado con algún problema ambiental, industrial, etc. As horas presenciais dedicaranse á orientación para a súa elaboración e exposición/defensa dos mesmos |
| Proba mixta | Realizarase un exame final para avaliar o grao de aprendizaxe tanto dos contidos teóricos como prácticos |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Seminario<br>Traballos tutelados | Ao longo do curso, no horario que especifique o profesor, orientarase ou discutirán todos os aspectos relacionados coa docencia que o estudante considere necesarios en cada momento.<br>Nos seminarios o profesor supervisa para cada estudante a metodoloxía aplicada e o proceso de resolución dos problemas que se propoñen, resolvendo de forma individual as dúbidas formuladas polo estudante e guiando o proceso de aprendizaxe.<br>Nos traballos tutelados é importante realizar un seguimento personalizando para comentar os avances que se van realizando e proporcionar ao estudante a orientación necesaria para desenvolver con aproveitamento o devandito traballo<br><br>O alumno con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será atendido en réxime de horas de titorías (previa cita). |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Sesión maxistral | A1 A3 A10 A21 A22 C2 C9 C11 | Avaliarase a asistencia ás sesións maxistrais e a participación activa nas mismas. Avaliarase de maneira conxunta cos seminarios. | 5 |
| Prácticas de laboratorio | A22 B2 B7 | Avaliarase de modo continuado o traballo e a participación activa do estudante. | 10 |
| Seminario | A1 A10 B1 B2 B3 B6 C3 C1 | Avaliarase o traballo e participación activa do estudante. Avaliarase de maneira conxunta coas sesións maxistrais. | 5 |
| Traballos tutelados | A3 A10 A21 A22 B1 B2 B3 B5 B6 C3 C11 | As actividades académicas dirixidas serán avaliados pola realización e /ou exposición das mesmas por parte do estudante. | 50 |
| Proba mixta | A3 A10 A21 A22 B2 | O grao de aprendizaxe dos contidos propios da materia e de adquisición de competencias por parte do estudante avaliarase mediante unha proba obxectiva. Constará de preguntas teóricas, cuestións aplicadas e resolución de problemas | 30 |

| Observacións avaliación |
|---|

Para superar a asignatura se plantexan dous requisitos básicos;
asistencia regular á todas as actividades avaliables e acadar unha
calificación mínima en cada uhna das actividades avaliables. O alumno acadará a cualificación de Non Presentado cando non realice o traballo tutelado e non se
presente ao examen final. A cualificación do Traballo Tutelado poderá
conservarse na convocatoria de xullo.
Polo que se refire aos
sucesivos cursos académicos, o proceso de enseñanza-aprendizaje,
incluída a avaliación, se refire a un curso académico e, polo tanto,
volvería a comenzar cun novo curso, incluídas todas as actividades e procedimentos de avaliación que sexan programadas para o curso.
Para os estudantes con dedicación a
tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, no caso de que o estudante non puidera
realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas oportunas para non
prexudicar a súa cualificación.

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - C. Cámara, C. Pérez Conde (Ed.) (2010). Análisis Químico de Trazas. Editorial Síntesis. Madrid<br>- J.R. Dean (1998). Extraction methods for environmental analysis. Chichester, John Wiley & Sons<br>- F.W. Fifield; P.J. Haines (2005). Environmental Analytical Chemistry. Londres, John Wiley & Sons<br>- E. Prichard (1996). Trace Analysis: A structured approach to obtaining reliable results . Royal Society of Chemistry, Cambridge<br>- C. Cámara (Ed.), P. Fernández, A. Martín-Esteban, C. Pérez-Conde, M. Vidal (2002). Toma y tratamiento de muestra. Editorial Síntesis. Madrid<br>- Reeve, Roger N. (1994). Environmental analysis. Chichester : John Wiley & Sons,<br>- VanLoon, Gary W (2011). Environmental chemistry : a global perspective. Oxford, Oxford University Press<br>- R.Compañó Beltrán, A. Ríos Castro (2002). Garantía de calidad en los laboratorios analíticos. Síntesis, Madrid<br>- Se consultarán direcciones web y enlaces de interés relacionados con la materia impartida. - Material complementario: resumen de presentaciones, métodos oficiales de análisis, artículos científicos, etc. - Se utilizarán todos los medios disponibles en la plataforma de la facultad virtual de la UDC |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**